



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable

**CONVOCATORIA:** Curso superior sobre elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	110
-----------------------	----------------	--------------	-------------	---------------	-----

<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2018
------------------------	-------------------	----------------	-----------	-------------	------

<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	MIXTO	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1
-------------------------	-------	-------------------	----------	------------------	---

**DATA MATRÍCULA:** Do 16/03/2018 - 08:00h ao 02/04/2018 - 23:55h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O curso ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer ao persoal da Administración pública en Galicia os obxectivos das políticas europeas en materia de desenvolvemento urbano e territorial.
- Profundar na necesidade de incorporar esta visión e obxectivos estratéxicos da Estratexia Europea 2020 na planificación municipal galega.
- Transmitir a necesidade de desenvolver este tipo de estratexias non só para optar a fondos europeos do período 2014-2020, senón tamén como instrumento que permite aumentar a capacidade de interlocución das entidades locais con axentes privados e outros organismos de financiamento.
- Dar a coñecer unha metodoloxía e ferramentas de xestión de fondos europeos a través da implementación das estratexias DUSI.
- Coñecer experiencias de referencia de desenvolvemento, implementación e xestión das estratexias DUSI.
- Dar a coñecer unha metodoloxía para a confección de pregos públicos de licitación do contrato de concesión de servizos e avaliación da estratexia.
- Formación básica para o control e interrelación con outros axentes/equipos internos e externos intervinientes no proceso de elaboración de estratexias DUSI que permita unha axeitada supervisión, xestión e avaliación do dito traballo.

### DESTINATARIOS

De acordo co disposto no punto 4 da convocatoria deste curso:

4.1. O curso está dirixido ao persoal empregado público das administracións públicas de Galicia que teña a condición de persoal funcionario do grupo A (subgrupos A1 ou A2) ou persoal laboral dos grupos I ou II, así como ao persoal eventual e directivo da Administración local de Galicia.

4.2. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán ser cubertas por persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, cargos electos, así como profesionais que se atopen en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

## PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes bloques:

### Bloque 1. A problemática da estratexia das cidades

A) Consideracións xerais sobre a problemática da estratexia das cidades:

A cidade como espazo de oportunidade. O global e o local.

O concepto de cidades con “proxecto”.

A planificación estratéxica. Elementos que a caracterizan.

Utilidade de dispoñer dunha estratexia para xestionar os cambios urbanos contemporáneos.

Xestión da estratexia da cidade: xestión, seguimento e avaliación.

Nova gobernanza territorial.

B) Novos enfoques á estratexia das cidades:

A posición das cidades fronte á crise económica.

Modelos e tipos de plans estratéxicos. Plans de primeira e segunda xeración.

Bases metodolóxicas para a xestión estratéxica urbana e territorial.

Estudo de caso: Plan estratéxico de segunda xeración.

### Bloque 2. Axenda urbana europea (AUE) e desenvolvemento urbano na política europea.

A) Consideracións xerais sobre o proceso da AUE.

Os marcos conceptuais de referencia (UE, Europa 2020, Rede de Iniciativas Urbanas, etc.).

Consolidación do acervo urbano comunitario.

Proceso de construción da política urbana europea: das declaracións ministeriais e os programas de actuacións urbanas á AUE.

B) AUE: sistemas europeos urbanos.

Converxencia e diferenciación dos sistemas urbanos europeos.

Axendas urbanas nacionais de España, Francia, Italia e Reino Unido.

Relación entre a AUE e as axendas nacionais.

C) AUE: enfoques de implementación.

Europa 2020 e AUE: deseño e impulso das políticas de desenvolvemento urbano a través dos fondos EIE.

Obxectivos e desenvolvemento operativo da AUE.

Enfoques de implementación da AUE derivados de experiencias de estados membros.

Papel de URBACT, UIA e os programas transnacionais na consolidación do enfoque de desenvolvemento urbano sustentable e integrado.

AUE e Nova Axenda Urbana de NU-Habitat III: encaixe e complementariedade.

D) Axenda urbana do Eixo Atlántico.

E) Política rexional comunitaria.

Estratexia Europea para as zonas urbanas.

Principais cambios das políticas de cohesión 2014-2020.

Principais plans de fondos Europeos. FEDER, FSE, Horizon 2020, etc.

Novos instrumentos de investimento.

Grandes eixos temáticos da política europea:

Sustentabilidade.

Inclusión social.

Crecedo intelixente.

### Bloque 3. A nova gobernanza e a elaboración, implementación e xestión da estratexia integrada.

A) Procesos de participación cidadá.

B) A gobernanza democrática territorial: elementos e características.

C) Estudo de caso de desenvolvemento de gobernanza urbana-territorial.

D) Indicadores de bo goberno.

### Bloque 4. Execución de Estratexias Integradas de Desenvolvemento Urbano: xestión e avaliación.

- A) Execución de estratexias DUSI.
- B) Avaliación de políticas públicas.

Bloque 5. Práctica e esquematización para casos concretos.

- A) Práctica e aplicación a caso concreto.
- B) Taller “peer review” sobre tres casos presentados.

Bloque 6. Esquematización para casos concretos

- A) Esquematización para o enfoque de casos concretos.
- B) Esquematización para o traballo non presencial de fin de curso.

Bloque 7. Resumo. A modo de conclusión.

#### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes e darase preferencia ao persoal citado no punto 4.1.

#### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Unha vez formalizado o pago da matrícula, total ou fraccionado, deberá enviarse xustificante bancario ao enderezo de correo novas.egap@xunta.gal, especificando o nome e apelidos do alumno. A formalización da inscrición no curso quedará condicionada ao envío do dito xustificante no prazo establecido.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 11/04/2018 a 13/06/2018

**NUM. PRAZAS:** 70

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

Juan Arredondo de la Fuente

José Manuel Peña Penabad

Estrategies Qualitat Urbana, S.L.

Moneyba González Medina

MARTÍN FERNÁNDEZ PRADO

Jose Antonio Ruiz de Casas

LUIS DOMINGUEZ CASTRO

Jorge Fente Balsa

KEPA KORTA MURUA

JOSEP VILLARREAL MORENO

M<sup>a</sup> DOLORES ORTIZ SANCHEZ

ISABEL RENDO VILAS

ENCARNACIÓN NIETO ZAS

FRANCISCO TOVAR RODRIGUEZ

CARMEN NOVAS FERNANDEZ

CARMEN DA SILVA MENDEZ

FERNANDO BARREIRO CAVESTANY

FRANCISCO JAVIER VARELA TEJEDOR

M<sup>a</sup> Isabel Villamor Cabado

Sonia Hernández Partal

### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 11 de abril de 10:00 a 14:00. O día 23 de maio de 10:00 a 14:00. O día 23 de maio de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 5:** O día 11 de abril de 10:00 a 14:00. O día 11 de abril de 16:00 a 19:00. O día 18 de abril de 10:00 a 14:00. O día 18 de abril de 16:00 a 19:00. O día 25 de abril de 10:00 a 14:00. O día 25 de abril de 16:00 a 19:00. O día 02 de maio de 10:00 a 14:00. O día 02 de maio de 16:00 a 19:00. O día 09 de maio de 10:00 a 14:00. O día 09 de maio de 16:00 a 19:00. O día 16 de maio de 10:00 a 14:00. O día 16 de maio de 16:00 a 19:00. O día 30 de maio de 10:00 a 14:00. O día 30 de maio de 16:00 a 19:00. O día 06 de xuño de 10:00 a 14:00. O día 06 de xuño de 16:00 a 19:00. O día 13 de xuño de 10:00 a 14:00. O día 13 de xuño de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 6:** O día 09 de maio de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA